



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTEUN DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 11/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a. Mercedes J. Gonzalez Alonso D. Pedro J. Fernández Manin D^a. M^a Teresa López Rego D. José María García Rivera D. José Ramón Val Alonso D^a. Rosa Pérez Gradaille D. Enrique Cotarelo García D. Xaime Cancio Rodríguez D^a. Ana M^a López Campoamor D^a. Angeles Veiga Varela D. Xoán Carlos González Basanta.</p> <p>Non asiste D. Manuel Pavón López</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIO</u> D. Manuel Rodríguez Luaces.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vinteun de outubro de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido polo secretario accidental da Corporación, D. Manuel Rodríguez Luaces, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	---

1.-ESTADO ECONÓMICO DO CONCELLO DE FOZ A 08/06/2011.-

Pide a palabra o Portavoz do PSdeG-PSOE por cuestión de orde, quen dí que non se pode eliminar a un grupo político un asunto incluído na petición de convocatoria do Pleno Extraordinario, asinado pola cuarta parte do membros legais da Corporación, usurpando así o dereito de tratar este asunto, engandindo que é a primeira vez que pasa, citando o artigo 46.2 da Lei 7/85 e outras disposicións legais, así como diversa xurisprudencia, e añade que esta exclusión é ilegal e antidemocrática.

Polo Sr. Alcalde se lle resposta que él ten a potestade para sacar ou poñer os asuntos da orde do día, iniciándose a continuación a sesión.

Por Secretaría dase conta do escrito presentado polo Grupo Municipal Socialista para a convocatoria do Pleno Extraordinario que obra no expediente, así como da Resolución de Alcaldía excluindo o punto nº 3 do escrito.

Toma a palabra o Sr. García Rivera, Portavoz do PSdeG-PSOE, para explicar o motivo do Pleno e defende a súa xestión como Alcalde-Presidente, manifestando que no informe de Intervención do 24 de abril detallase con exactitude que o endebedamento municipal era do 35,36%, moi lonxe do límite permitido do 110%, e que dos 700.000 € solicitados nunha operación de tesourería, soamente se gastaron 430.784,09 €, e que a débeda cos provedores era de 1,5 millóns de euros, e que o Concello deberá ingresar neste ano 4,5 millóns de euros.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Asimesmo manifestou que cando deixou a Alcaldía no se cobrarán aínda os impostos municipais, e que os 5 millóns de euros que se cobraron por licenzas de obra invertíronse en crear servizos (*senón pregúntenlle aos vecinos*).

Cita tamén os informes de Intervención e da lectura os saldos bancarios á data 10/06/2011.

A continuación intervéñe o Portavoz do Grupo Municipal UNIFOZ, D. Xaime Cancio Rodríguez, e lémbrale ao Sr. Alcalde que o seu partido (PP) no Pleno de 25 de abril de 2011, non fixo obxección algunha á xestión económica municipal.

Como pedira a palabra antes o Portavoz do BNG, Sr. González Basanta, o Sr. Alcalde dí que conste en acta.

Segue no uso da palabra o Sr. Cancio quén dí que o estado económico do Concello podería ser mellorable e, o seu grupo non ten dúbidas de cómo se gastou o diñeiro.

Intervén a continuación o Portavoz do BNG, Sr. González Basanta, quén dí que hai que saber a situación económica do Concello e que para iso están os informes de Intervención.

Tamén dí que fai tres anos e a petición do seu grupo aprobouse pola Corporación un plan de saneamento, e que de todo elo non se cumpreu absolutamente nada.

Asimesmo aprobouse, tamén a petición deste grupo, a posta en marcha dun plan de aforro enerxético para contribuir ao saneamento das arcas municipais, como en alumeados públicos por exemplo, do cal tampouco se cumpreu nada e, dí que o que se atopa na actualidade son as farolas acesas ás 9 da mañán, preguntando a qué se debe este malgasto do erario público sen ningún tipo de sentido.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde facendo mención ao Pleno do mes de setembro pasado, ao que non asistiu o Sr. García Rivera por estar de vacacións, no que se aprobou a Conta Xeral do ano 2010 con informe desfavorable de Intervención, acusando ao Sr. Rivera de dilapidar os fondos das licenzas en gasto corrente, repasando ano a ano como o grupo de goberno anterior foi gastando o diñeiro das licenzas, e que a diario atende a reclamacións de provedores, enumerando unha serie de facturas, que están sen pagar, e que a compañía eléctrica xa advertiu ao Concello da posibilidade de cortar o subministro ante a débeda existente máis os intereses, deixando ao Concello nunha situación precaria, con goteiras na biblioteca, reclamación do SGAE a Radio Foz, o Contencioso do Urbanismo pendente, o mantemento insostible do Cinema, etc.

Manifesta asimesmo que o problema grave do Concello de Foz é a falta de liquidez para satisfacer as obrigas adquiridas.

Polo Sr. Rivera faise mención, entre outras, de que a taxa de saneamento non se aprobou (400.000 € ao ano que lle costa ao Concello), e que, en breve, cada familia de Foz pasará a pagar de 6 a 15 euros polo canón.

Fai mención a continuación á declaración da renda do Sr. Alcalde, decindo que engordou de 43.000 a 57.000 €, e o Sr. Alcalde pide que conste en acta e que o vai denunciar ao Xulgado.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A continuación intervén o Sr. Cancio Rodríguez que fai referencia aos gastos das depuradoras.

Intervén despois o Sr. González Basanta preguntando ao equipo de goberno actual que fixo economicamente, e que hai que depurar os ingresos da Recadación non cobrables.

Polo Sr. Alcalde respostase que non queda moito por cobrar, que queda moito por pagar, e como esté falando o Sr. García Rivera, sen estar no uso da palabra, o Sr. Alcalde faille a primeira advertencia.

A Corporación queda enterada.

2.-DEBATE DAS FACTURAS OCULTAS.-

Intervén o Portavoz do PSdeG-PSOE, Sr. García Rivera, facendo mención ás facturas do ano 1994 que deixou no caixón o PP.

Solicítalle á Presidencia se lle pode preguntar ao Interventor, accedendo ésta, qué facturas ocultas deixou o goberno do PSOE.

Polo Interventor respostase que todas as facturas que se reciben se rexistran.

O Sr. García Rivera pide que conste en acta a anterior resposta.

Polo Sr. Cancio Rodríguez pídesse ao equipo de goberno que asuma a súa responsabilidade.

O Sr. García Rivera pide que conste en acta que o PP no ano 1994 deixou débedas por importe de 300.000 €, e dille ao Sr. Alcalde que non pidan créditos, e que non conte co voto do seu grupo para elo.

A Corporación queda enterada.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as 22 horas e 40 minutos, do expresado día, de que eu como Secretario accidental dou fe.-

O Alcalde,

O Secretario accidental,

Asdo. Javier Jorge Castiñeira.

Asdo. Manuel Rodríguez Luaces.